

contarse ata trintaecinco barcos de distintas nacionalidades. Estou a falar das décadas dos anos vinte e trinta. A maldita guerra rachou con esto. Aquí chegaban os gregos, ingleses, italianos, etc. Nesta ría están fundidos -falo somentes ata que comenzou a nosa guerra- máis de cincuenta barcos que eu poida recordar. Tal dato, ademais de significar as consabidas desgracias pesonais, tamén pon de manifesto a íntima relación entre as nosas xentes e os náufragos.

- ¿É eso un xeito de facer honra do sobrenome de “Costa da Morte”?

- Non é posible darlle outro nome. As características da costa favorecen tales desgracias. Lamentablemente recordo o afundimento dun acorazado inglés no que morreron máis de oitocentos homes; os que se foron no afundimento dun buque-escola tamén inglés; o barco petroleiro ruso no que morreron todos os tripulantes no ano mil novecentos

trintaeseis e así moitos máis. Baixo o mar pode haber verdadeiras montañas de ferro e madeira que antes foron preciosos barcos.

Por certo que nese ano entrou a refuxiarse un barco que ia camiño de Lisboa, despois de ter a bordo unha sublevación dos tripulantes, e que foi un verdadeiro foco de atracción e atención. O casco do tal barco nin era de ferro nin de madeira. Era, nada mais e nada menos que de CEMENTO.

No ano 1936 entrou na ría un barco co casco de cemento

En función do tempo e para poder cumprir con outras obrigacións, temos que rematar a entrevista que se

nos antoxa pequena e necesitada dunha continuidade que permita acadar tantos e tan diversos temas como os que abarca o seu protagonista que non ten inconveniente en matar o tempo limpiando as praias dos desperdicios que se verten nelas, resembrándolas de berberecho, desdoblado mexilón para recuperar as pedras que nun onte non moi lonxano estaban totalmente cubertas, educando ós seus netos no respecto á ecoloxía...

Este home que fai uns poucos anos parolaba a cotío con Fernández Asís, Blanco Tobío e outros grandes periodistas, e incapaz de darlle un intre de descanso á súa brillante memoria. Que lle dure moitos anos e que nós poidamos escoitalo.

Graciñas, D. Carlos.

Xan Corredoira.



Entrada dun dos primeiros barcos arrastrando as baleas para a factoría que, por aquel entón, se establecera con capital noruego